



# O sentido do abraio

A celebración da natureza para  
persoas de todas as idades

---

Rachel Carson

Tradución de Patricia Buxán Outeiro



ECOLOXÍA



EDUCACIÓN E  
CRIANZA  
ALTERNATIVAS

# O sentido do abraio

## A celebración da natureza para persoas de todas as idades

Rachel Carson

Tradución e prólogo  
Patricia Buxán Outeiro



Título orixinal: *The Sense of Wonder. A Celebration of Nature for Parents and Children*

*The Sense of Wonder* © 1956 by Rachel L. Carson

Published by agreement with Frances Collin, Literary Agent through International Editors' Co.

© da edición galega: Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega, Vigo, 2024

Tradución: Patricia Buxán Outeiro

Revisión: Miguel Braña Montaña e María Mediero Mayán

Fotografías orixinais: Patricia Buxán Outeiro

Deseño, maquetación e tratamento das fotografías: Isidro Dozo Valladares e Alicia Rodríguez Malga

2.<sup>a</sup> edición: 2024

Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega

Rúa Ferrería, 25 – 36202 Vigo (Pontevedra)

[www.catroventos.gal](http://www.catroventos.gal)

ISBN: 978-84-127425-6-5

Depósito legal: VG 672-2024

Impreso en Jadfel Artes Gráficas

---

Fieis ao principio de sustentabilidade ambiental que, entre outros, rexe as actividades de Catro Ventos, traballamos para que a pegada ecolóxica dos nosos libros sexa a mínima posible. Por iso, nese avance cara á ecoedición, baseado na investigación de procesos e na cooperación coas nosas provedoras, este libro que tes nas mans é moi especial, como che explicamos a seguir.

— O papel ten certificación FSC e está libre de ácidos, metais pesados e cloro (este último é un elemento químico altamente tóxico que adoita empregarse para o branqueamento da pasta de papel).

— Non hai metais pesados (o máis común nas tintas convencionais é o cobalto) nin aceites minerais nas tintas empregadas na impresión. Estas son de base vexetal, polo que están libres de compostos orgánicos volátiles.

— A cuberta non está laminada, é dicir, non leva recubrimento plástico ningún.

— Conseguimos reducir ao máximo as emisións contaminantes ligadas ao transporte imprimindo a só 3 km da nosa sede.

Se queres máis información sobre como traballamos para reducir o noso impacto na contorna, visita a nosa web: [catroventos.gal/ecoedicion](http://catroventos.gal/ecoedicion)

FSC

SEN  
ácidos

SEN  
cloro

SEN  
metais  
pesados

SEN  
aceites  
minerais

SEN  
plásticos

AQUELADO  
en Galicia



# Prólogo da tradutora

Xuntando dúas das cinco liñas editoriais de Catro Ventos, ecoloxía e educación alternativa, publicamos en galego este precioso ensaio dunha das principais impulsoras da ecoloxía moderna, Rachel Carson. O texto, segundo o concibiu a autora na publicación orixinal, vai dirixido a nais e pais e ánimaos a explorar a natureza coas súas crianzas para que cultiven o sentido do abraio. Lamentablemente, Carson morreu antes de poder darlle a volta necesaria para publicalo en forma de libro e nós pensamos que nesa publicación había dirixilo a persoas de todas as idades, pois, ao fin e ao cabo, comeza relatando a capacidade de abraio dun pequeno de vinte meses e remata falando da mesma capacidade de abraio, intacta, dunha muller de oitenta e oito anos.

Chegamos a esta obra por medio dunha bonita coincidencia. Coñeciamos a Rachel Carson pola triloxía do mar e, obviamente, por *Primavera silenciosa*, mais descoñeciamos *O sentido do abraio*. Nunha conversa na illa de Arousa na que compartiamos inquiredanzas e posibles proxectos comúns con Iván, impulsor da asociación cultural Asteroidea, el sacou o libriño da mochila, precisamente nunha illa que ofrece

multitude de motivos de abraio que habían deleitar a Carson como bióloga mariña: descubrir os arroaces entre as bateas, encherse do solpor no verán desde punta Cabalo, imaxinar os cabaliños de mar aló entre os argazos, quedar con alguén onda un dos numerosos cons que suavemente marcan a xeografía e indican as direccións (o con do forno, o con do demo, o con do crocodilo...).

Rachel Louise Carson naceu en Springdale (Pensilvania, EUA) no ano 1907 e finou en 1964 vítima dun cancro. Carson ía para escritora, pero no medio dos seus estudos universitarios de Filoloxía mudou a Bioloxía coa especialidade de Ciencias do Mar. Como tal, inicia a súa carreira profesional no Departamento Federal de Pesca dos Estados Unidos, onde paulatinamente vai asumindo tarefas de redacción e edición até acabar ocupando o cargo de redactora xefa de todas as publicacións do departamento. Durante este tempo, publica artigos regularmente en diferentes xornais e revistas nos que queda patente a súa extraordinaria capacidade para explicar conceptos científicos complexos de forma accesible. Na década de 1950 concentra aínda máis a súa dedicación na escrita, especialmente coa coñecida como a «triloxía dos océanos» e formada por *Under the Sea Wind* ('Baixo o vento do mar', 1941 e reeditado en 1952), *The Sea Around Us* ('O mar que nos rodea', 1951) e *The Edge of the Sea* ('O borde do mar', 1955). O alcance das súas obras reflíctese nas numerosas traducións e reedicións que se sucederon, así como nos premios acadados. Por exemplo, *The Sea Around Us* foi traducida a 32 linguas e estivo durante 81 semanas na lista de libros máis vendidos de *The New York Times*.

Rachel Carson tiña a intención de ampliar  
*O sentido do abraio*, mais fóselle antes o tempo.  
Tamén tiña prevista unha dedicatoria, por iso:

*Este libro é para Roger.*






Unha noite de outono de tormenta, cando o meu sobriño Roger tiña uns vinte meses, envurulleino ben nunha mantiña e baixei con el á praia na escuridade da choiva. Alí fóra, xusto na linde da negrura, rompían atronadoras as ondas enormes, formas brancas apenas perceptibles que bruaban e berraban e lanzaban moreas de espuma cara a nós. Xuntos riamos de pura alegría: el, un bebé que se encontraba por vez primeira co balbordo do Océano; eu, chea do sal de media vida dedicada a amar o mar. Creo, no entanto, que sentimos a mesma resposta estremecedora ao vasto océano estrondoso e á noite salvaxe que nos rodeaba.

Unha ou dúas noites despois, o temporal amainara e volvín levar a Roger á praia, desta volta para camiñar ao longo do borde da auga furando na escuridade co cono amarelo da nosa lanterna. Malia que non chovía, volvía ser unha noite ruidosa, unha noite de ondas que rompían e de vento incesante. Eran claramente esa hora e ese lugar nos que prevalecen as cousas grandes e elementais.

A nosa aventura desa noite en particular tiña que ver coa vida, pois estabamos á procura de caranguexos pantasma, eses seres de cor area e lixeiros de patas que Roger albiscara algunha vez de día moi brevemente polas praias. Porén, estes caranguexos son principalmente nocturnos e, cando non están vagando polas praias de noite, cavan buraquiños preto da liña

na que rompen as ondas para agocharse, aparentemente en observación e á espera do que lles poida traer o mar. Para min, ver estes pequenos seres vivos, solitarios e fráxiles fronte á forza bruta do mar, tiña unha connotación filosófica que me conmovía. Non vou pretender que Roger e eu reaccionásemos con emocións similares, mais era bonito ver a súa aceptación infantil dun mundo de cousas elementais, sen temerlle nin á melodía do vento, nin á escuridade, nin ao socheo bruante, coa emoción dun meniño á procura dunha *antasma*.

Supoño que non era un xeito aló moi convencional de entreter un ser tan novo, mais agora que non hai moito que Roger fixo os catro anos seguimos a compartir aventuras no mundo da natureza como comezamos sendo el un bebé, e penso que os resultados son bos. Neste compartir inclúese a natureza con temporal e en calma, tanto de día coma de noite, e baséase máis en pasalo ben xuntos ca en dar leccións.



## O sentido do abraio

Xuntando dúas das cinco liñas editoriais de Catro Ventos, ecoloxía e educación alternativa, publicamos en galego este ensaio da escritora e bióloga mariña Rachel Carson (1907-1964), autora de obras fundamentais para o ecoloxismo moderno como *Primavera silenciosa* (1962).

Na publicación orixinal na revista *Women's Home Companion* (1956), este texto ía dirixido a nais e pais, e animábaos a explorar a natureza coas súas crianzas a fin de cultivaren xuntos o sentido do abraio.

Esta obra é a base dun proxecto moi persoal da autora que había converterse no que ela denominaba *O libro do abraio*. Carson faleceu antes de poder darlle a forma esperada, pero o espírito e a súa teima persoal están aquí: como explorar e conservar durante toda a vida a capacidade do abraio, unha batalla que, segundo ela, só se gaña ou perde na infancia.



[www.catroventos.gal](http://www.catroventos.gal)



PVP: 17,00 €

ISBN 978-84-127425-6-5



9 788412 742565

